

No bloque temático que estudiaremos a continuación atopamos as seguintes unidades:

1. Elementos transmisores e propagadores de movemento
2. Elementos transformadores de movemento
3. Elementos auxiliares de máquinas

Os conceptos máis salientables deste bloque resúmense en:

Elementos transmisores do movemento:

- ✓ árbore de transmisión
- ✓ transmisión por fricción, por engranaxes, por cadea.

Elementos transformadores do movemento:

- ✓ trinquetes, embrague, roda libre, cruz de malta, piñón-cremallera, émbolo, biela, leva e excéntrica, parafuso e porca.

Elementos auxiliares de máquinas:

- ✓ Acumuladores de enerxía(volante inercia), elementos elásticos (suspensión), chumaceiras e rodamentos.

TRANSMISIÓN DO MOVEMENTO

Neste tema trataremos de analizar os sistemas de transmisión do movemento de xiro dende un elemento motriz ata un eixe resistente ou eixe de saída, punto no que se vai empregar ese movemento.

Os elementos motrices máis empregados para producir movemento son:

- ✓ O ser humano: por exemplo unha bicicleta, unha máquina de coser...
- ✓ Máquinas eléctricas: Estas máquinas transforman a enerxía eléctrica en movemento.
- ✓ Máquinas térmicas: Transforman a enerxía térmica producida nunha combustión en enerxía mecánica. Por exemplo os motores diesel ou gasolina.

Os elementos que transmiten o movemento estarán sometidos a esforzos que deben soportar sen deformarse, entre estes están:



Tracción: Prodúcese cando as forzas que actúan sobre o corpo teñen a mesma dirección e sentidos opostos, tratando de alongar o corpo.




Compresión: Sobre o corpo actúan forzas de igual dirección e sentidos opostos, de forma que tratan de reducir a lonxitude do corpo.

Flexión: As forzas intentan curvar o corpo.



Torsión: As forzas tratan de producir un xiro sobre as caras perpendiculares ó eixe da peza.



Cortadura: Dúas forzas que actúan moi xuntas en sentidos opostos tratando de cortar o corpo.

